

## **EMENDA PARCIAL AOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2023**

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do día 3 de novembro de 2022, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 03/11/2021 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos. O prazo fixado comezou o día 03/11/2022 co acceso ao expediente 76/142, e rematou as 13,00 horas do día 11/11/2022.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, o Grupo Municipal Socialista, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), en uso desta prerrogativa, presenta unha emenda parcial de tipo técnico ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión.

A emenda presentada dá cumprimento ao previsto no ROP, de forma concreta ao contido do artigo 83, de tal xeito que as emendas de creación ou de incremento nos estados de gastos admitíranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía.

### **XUSTIFICACIÓN DA EMENDA**

A xustificación da emenda ten causa no convenio vixente coa Federación da bandas de música, que se estaba a executar na contía prevista no convenio vixente, por 173.200 euros, e a súa vez, se facían contratos de actuacións nas festas patronais. A emenda trata de dar coherencia ao actuado, entrando na contía do convenio o correspondente tanto as actuacións que o Concello dispón, como aquelas outras que están relacionadas coas actuacións nas festas patronais das distintas parroquias.

En canto á subvención nominativa coa Fundación Mayeysis, como fundación sen ánimo de lucro de interese cultural galego, dada a súa singularidade, a súa historia, o gran número de alumnos, e sobre todo a súa traxectoria e misión da mesma, ao non ter concorrencia con outras fundacións co mesmo obxecto social, é de xustiza social, a dotación dunha partida orzamentaria que permita o desenvolvemento do seu obxecto social e cultural, sen prexuízo do desenvolvemento do convenio no que se estableza o programa concreto ao que será de aplicación a subvención.

A emenda non altera o contido do gasto, xa que se propón unha diminución dunha aplicación xenérica. Tampouco altera os equilibrios orzamentarios, non altera a contía do gasto corrente non financeiro.

### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA**

A emenda presentada dá cumprimento a todos os requirimentos previstos no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno. Prevé a diminución da aplicación 3340.2260905, Eventos Culturais Relevantes, dotada con 509.000 euros, e incrementar as seguintes:

1.- A aplicación 3340.4800010, Convenio Federación de Bandas de Música de Vigo, programa un Mar de Bandas en 18.200 euros, sendo o seu importe definitivo 233.200 euros.

Crear unha nova aplicación, como subvención nominativa por unha contía de 70.000 euros, Fundación Mayeysis, CIF G36842490, Conexións-Vigo, minorando a aplicación 3340.2260905 Eventos culturais Relevantes en 70.000 euros e dotar unha nova aplicación .

O crédito da aplicación 3340.2260905, unha vez imputada a emenda, quedará cunha dotación de 420.800 euros.

A aplicación 3340.4800010, convenio Federación de Bandas de Música de Vigo, quedará cunha dotación de 233.200 euros.

A aplicación de nova creación 3340.4800026, quedará cunha dotación de 70.000 euros.

A Fundación Mauyysis, sen ánimo de lucro, foi declarada de interese galego e cultural, sendo a súa razón de ser, o de acompañar ás persoas no camiño do arte en xeral e da música en particular, con conservatorios en Vigo e Pontevedra, tanto de música elemental, infantil, profesional e a Fundación, con máis de 30 anos de vida, máis de 9.700 alumnos e con máis de 500 graduados.

Polo exposto, solicítase tomar en consideración a emenda e sometela a ditame da Comisión Informativa con carácter previo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, unha vez que se teñan emitidos os informes preceptivos.

En Vigo,

O Voceiro de Grupo Municipal Socialistas

Carlos López Font